



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso  
administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075  
Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2020/G010/000006  
Sesión núm. 5/2020

## DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en consonancia co Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se decretou o Estado de Alarma polo Goberno de España para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e as medidas sanitarias en vigor,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Convocar sesión do Pleno do Concello a celebrar de forma telemática nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

|   |  |
|---|--|
| <b>Sesión de:</b> Pleno                   | <b>Data da sesión:</b> 25 de xuño do 2020        |
| <b>Convocatoria:</b> Ordinaria telemática | <b>Hora:</b> 20.00                               |
|   | <b>Lugar:</b> A distancia; videoconferencia Zoom |

### ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación de actas.
- 2º.- Aceptación da cesión da Casa da Xuventude, efectuada pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia a título gratuito.
- 3º.- Elección de Xuíz de Paz, titular e substituto.
- 4º.- Resolución reclamacións e aprobación definitiva expediente modificación de crédito 06/20. Tránsito de crédito 03/20.
- 5º.- Concesión de servizo de Escola Infantil de Sada Flora Ramos, Florita.
- 6º.- Plan estratéxico de subvencións.
- 7º.- Resolución reclamacións e aprobación definitiva expediente modificación de crédito 05/20.
- 8º.- Convocatoria axudas a autónomos e pemes coronavirus.
- 9º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
  - A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 23 de maio (núm. 1.115) ata o 18 de xuño do 2020 (núm. 1.264).
  - B.- Mocións.
  - C.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO:** Dar traslado da presente Resolución aos srs. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, así como que se lles remitirá o enlace ao correo electrónico para participar na sesión media hora antes da celebración, de acordo cos métodos practicados nestes días.

**TERCEIRO:** Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, o 19 de xuño do 2020.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).